



## **BASES DO CONCURSO**

O discurso do odio e a radicalización é un dos retos da sociedade actual. Neste sentido, o Consello de Europa deixa clara a necesidade e prioridade dos Estados membros de adoptar as medidas oportunas para poñer couto a este fenómeno e iniciar camiños estratéxicos comúns.

O desenvolvemento das redes sociais nos últimos anos abriu un vehículo para a creación de discursos, expresión e asociación das novas xeracións ás que chamamos nativos dixitais. O uso que a xuventude

fai das redes sociais está transformando non só a forma de relacionarse senón tamén as experiencias e formas de pensar. Por primeira vez é a poboación máis nova a que toma a iniciativa.

Este concurso, que se enmarca dentro da iniciativa "Somos Máis, contra o odio e a radicalización", ten por obxecto promover un compromiso activo da xuventude na eliminación do discurso do odio e a radicalización, que sirva coma xerme dun amplo movemento social contra este tipo de manifestacións.

### **1. Obxecto das bases**

**1.1.-** FeSP UGT, Jóvenes y Desarrollo (en adiante "Organización do Concurso"), con apoio de Google (YouTube), o Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social (o Observatorio do Racismo e a Xenofobia), o Ministerio do Interior (Secretaría de Estado de Seguridade e CITCO), o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa) e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (Instituto da Muller e Injuve), organizan o concurso "...", dirixido a mozos e mozas do territorio nacional de entre 14 e 20 anos, que participasen dos talleres e formación que forman parte da iniciativa Somos Máis, contra o odio e a radicalización.

Pódese acceder ao Concurso na páxina web asignada: [www.somos-mas.es](http://www.somos-mas.es)

**1.2.-** As presentes bases teñen como obxecto regular a participación no citado concurso, a convocatoria e a concesión dos premios.

### **2. Obxecto e forma do concurso**

**2.1.-** O obxectivo do concurso é promover un bo uso de Internet e un compromiso activo da xuventude contra o discurso do odio e as diferentes formas de radicalización, que sirva ademais como xerme dun movemento social contra este tipo de manifestacións.

Para iso, as persoas participantes deberán enviar unha mensaxe de vídeo promovendo a participación activa nas redes para evitar as manifestacións do discurso do odio e o radicalismo, así como reforzar mensaxes positivas de solidariedade, xustiza e respecto á diferenza.

### **3. Requisitos de participación no Concurso**

**3.1.-** O Concurso está aberto a mozas e mozos de entre 14 e 20 anos que participasen na formación impartida a través da iniciativa Somos Máis, contra o odio e a radicalización.

**3.2.-** As persoas participantes poderán concursar a través dun vídeo que debe realizarse por medio dun *smartphone*.

As mensaxes poderán adoptar a forma de cancións, representacións teatrais, poesía, curtametraxes, *stop motion*... Calquera expresión artística é válida.

Cada vídeo ha de durar entre 30 segundos e 120 segundos. A duración recomendada é de 90 segundos.

Os contidos poden presentarse en castelán, catalán, galego ou éuscaro.

**3.3.-** Os Centros que participen deberon firmar previamente un compromiso de participación no proxecto Somos Máis que se entregará aos responsables das entidades que organizan o concurso en cada centro.

**3.4.-** As persoas participantes que reciben a formación a través de Aula Intercultural deberán entregar os seus traballos aos educadores/as que imparten o taller nos respectivos Centros. Así mesmo, o educador/a será o encargado de remitir os traballos presentados no respectivo Centro á Organización do Concurso a través do seguinte enderezo de correo electrónico ([somosmas@fespugt.eu](mailto:somosmas@fespugt.eu)). En cada un dos Centros participantes na formación poderanse presentar tantos traballos como se estime conveniente, sempre que cada un deles teña distinta autoría.

As persoas participantes que reciben a formación impartida a través de Jóvenes y Desarrollo (ou algunha das organizacións coas que traballan en consorcio como Solidaridad Don Bosco ou Vols) deberán entregar os seus traballos ao educador ou educadora do Centro que impartise a formación. Así mesmo, o educador ou educadora será o encargado de remitir os traballos presentados no respectivo centro á Organización do Concurso a través do seguinte enderezo de correo electrónico ([somosmasvideos@jovenesydesarrollo.org](mailto:somosmasvideos@jovenesydesarrollo.org)). En cada un dos centros participantes na formación poderanse presentar tantos traballos como se estime conveniente, sempre que cada un teña distinta autoría.

Os centros participantes poderán remitir os seus traballos ata as 23.59h do día 15 de maio, inclusive, e poderán firmar cada traballo entre un mínimo de 4 e un máximo de 6 persoas. A Organización do Concurso resérvase o dereito de modificar os prazos en caso de que así o considere necesario.

Cada moza ou mozo participante menor de 18 anos de idade deberá ter a autorización expresa da súa nai, pai, titor ou titora legal, que os autoriza para participar nos vídeos que realicen para concursar, así como a súa aparición en todo o material gráfico e videográfico que se utilice no marco do proxecto Somos Máis por parte dos organizadores e colaboradores do concurso, en particular os vídeos do concurso, pero sen excluír ningún outro tipo de materiais multimedia.

A postulación como persoa participante no concurso suporá a aceptación das presentes bases.

**3.5.-** Para presentar os traballos deberán:

**a.** Para o caso de que participasen na formación organizada por Aula Intercultural:

**i.** Os traballos audiovisuais e o formulario de inscrición que se anexa a estas bases firmado por todas as persoas participantes serán canalizados a través dos educadores e educadoras que impartirán os talleres nos centros educativos asignados a Aula Intercultural. Os educadores e educadoras serán os encargados de todo o seguimento e de facer chegar os vídeos e documentos ao equipo de traballo de Aula Intercultural a través do correo electrónico: [somosmas@fespugt.eu](mailto:somosmas@fespugt.eu)

**b.** Para o caso de que participasen na formación organizada por Jóvenes y Desarrollo:

**i.** Os traballos audiovisuais e o formulario de inscrición que se anexa a estas bases firmado por todas as persoas participantes serán

entregados aos educadores e educadoras de cada centro, que recibiron a formación a través dos técnicos de Jóvenes y Desarrollo. Os educadores e educadoras serán os encargados de todo o seguimento e de facer chegar os vídeos e documentos ao equipo de traballo de Jóvenes y Desarrollo (ou algunha das organizacións coas que se desenvolve o traballo en consorcio: Solidaridad Don Bosco e Vols), a través do seguinte enderezo de correo electrónico: [somosmasvideos@jovenesydesarrollo.org](mailto:somosmasvideos@jovenesydesarrollo.org)

**c.** A participación non se terá en conta ata que a Organización do Concurso comprobe que se cumpren todos os requisitos que se esixen nestas bases e se recibisen os traballos seguindo estes. A recepción dos traballos quedará acreditada unha vez a Organización do Concurso responda o correo electrónico confirmando a recepción do traballo.

**3.6.-** As dúbidas ou preguntas que puidesen xurdir deberán dirixirse a través dos seguintes correos electrónicos:

• ([somosmas@fespugt.eu](mailto:somosmas@fespugt.eu)) para aquelas persoas participantes que participen na formación organizada por Aula Intercultural (FeSP-UGT).

• ([somosmas@jovenesydesarrollo.org](mailto:somosmas@jovenesydesarrollo.org)) para aquelas persoas participantes que participan na formación organizada por Jóvenes y Desarrollo.

**3.7.-** Só poderán presentarse ao concurso aqueles traballos cuxo contido estea relacionado cos materiais achegados pola Organización do Concurso, así como a formación que neste sentido imparta o correspondente educador ou educadora do centro.

**3.8.-** En todos os casos o contido premiado ha de ser orixinal e de autoría propia, sen que poida conculcar de ningún xeito os dereitos de propiedade intelectual de terceiros. Os autores dos traballos manifiestan e garanten que os traballos cos que participan neste concurso non infrinxen ningún dereito de propiedade intelectual, nin de ningún outro tipo, de terceiros.

**3.9.-** Non se aceptarán tampouco traballos cuxos contidos infrinxan as presentes bases, estando prohibida a participación, entre outros, de traballos con contidos violentos, xenófobos, sexistas ou pornográficos, que atenten contra o dereito ao honor e á propia imaxe, que inciten ou fagan publicidade de actividades e servizos ilegais, que lesionen bens ou dereitos de terceiros ou que conculquen de calquera xeito a lexislación española. Estes traballos serán obxecto de exclusión inmediata.

A Organización do Concurso poderá excluír do concurso aqueles traballos que considere inadecuados de acordo coa finalidade do concurso, segundo o seu exclusivo criterio.

Ademais, os vídeos deberán respectar as Normas da comunidade de YouTube.

**3.10.-** Calquera participación indebida ou que incumpra as condicións mencionadas ou estea baseada en datos erróneos, inexactos, incompletos ou fraudulentos será inválida e non se tomará en conta para a súa participación no concurso.

**3.11.-** O cumprimento destes requisitos é imprescindible, de forma que os centros participantes que non acrediten que as rapazas e rapaces autores dos traballos están inscritos neles se resultasen gañadores, non poderán ser agraciados con ningún dos premios detallados nestas Bases.

**3.12.-** O Organizador do Concurso, os colaboradores, as persoas que participan na organización e na preparación do Concurso, os seus familiares así como calquera que teña un vínculo profesional ou familiar cun ou máis membros do xurado non están autorizados a participar no Concurso.

## 4. Premios

**4.1.-** O concurso divídese en dúas categorías:

**a) Gran Premio Jr.**, para estudantes de 14-16 anos (3 e 4 de ESO, aprox.)

**b) Gran Premio Supra**, para estudantes de 17-20 anos (Bacharelato e Formación Profesional, aprox.)

No caso de que existan grupos con mozos ou mozas de idades pertencentes a ambas as categorías, o grupo decidirá co seu educador ou educadora responsable a cal das dúas categorías se presenta.

Do total de traballos presentados ao concurso elixiranse 5 finalistas por cada unha das categorías. Destes, elixirase un equipo gañador por cada categoría:

**a) Gran Premio Jr.:** O equipo gañador recibirá unha estancia para visitar un dos YouTube Space de Google en Europa.

**b) Gran Premio Supra:** O equipo gañador recibirá unha estancia para visitar un dos YouTube Space de Google en Europa.

**4.2.-** O Organizador do Concurso resérvase o dereito de modificar estes premios sen prexuízo de informar previamente as persoas participantes.

**4.3.-** Se un dos premios require unha viaxe ou desprazamento, o gañador ou gañadores deste premio son responsables de asegurar a validez dos seus pasaportes, da obtención dos visados ou documentos de viaxe para todas as persoas que viaxan así como os seguros necesarios. Así mesmo, deberán contar coa autorización de pais, nais ou titores legais, que deberá ser entregada á Organización do Concurso cando esta o solicite, e sempre con anterioridade á correspondente viaxe.

Excepto que se indique o contrario, Google cubrirá os gastos de desprazamento nunha cantidade razoable para os integrantes dos equipos gañadores e para un máximo de dous educadores/as por cada un dos dous equipos gañadores, para que os acompañen na visita a YouTube Space

**4.4.-** Os gastos de desprazamento cubrirán: (1) o billete de avión da elección do Organizador do Concurso (ida e volta en clase económica) entre o aeroporto principal e o YouTube Space (2) un cuarto dobre para unha noite en hotel, (3) as comidas e (4) os gastos vinculados ao desprazamento desde e ata os aeroportos/estacións e os eventos vinculados ao premio. Aplícanse restricións a algunhas datas.

O Participante deberá facerse cargo do resto dos gastos incluíndo os desprazamentos accesorios non mencionados arriba, os impostos ou aranceis aduaneiros que se apliquen ao pasaxeiro, os custos extra, os impostos de aeroporto, os gastos de xestión e de servizo, os gastos persoais de aloxamento, os gastos de seguridade, os impostos ou calquera outro baixo a total responsabilidade do participante. Os premios non poden ser intercambiados por efectivo.

## **5.- Designación dos gañadores**

**5.1.-** Os gañadores das respectivas categorías (Gran Premio Jr. e Gran Premio Supra), elixiranse como segue:

- a) Preselección de (10) vídeos por cada unha das categorías**, por un comité composto por representantes de FeSP UGT, Jóvenes y Desarrollo e por un representante de cada un dos Ministerios participantes (ver: "O comité de preselección").
- b) Entrega polo comité de preselección a cada un dos membros do xurado dos (10) vídeos de cada unha das categorías.**

- a.** Adxudicación por cada un dos membros do xurado segundo os criterios descritos no artigo 5.3 "Criterios de Selección", a cada un dos traballos preseleccionados, por medio dun formulario de puntuación dunha serie de criterios entre 1 e 5 puntos sendo 5 o total máis alto.
- b.** Envío por cada un dos membros do xurado do formulario de puntuación á Organización do Concurso, que estará a cargo da contabilidade dos puntos atribuídos por cada un dos membros do xurado aos traballos preseleccionados;
- c.** Os 5 traballos de cada unha das correspondentes categorías, que obteñan o máximo de puntos acumulando o conxunto de puntos atribuídos por cada un dos membros do xurado serán elixidos como finalistas do Concurso.
- d.** O traballo de cada unha das correspondentes categorías que obteña o maior número de puntos acumulando o total de puntos atribuídos por cada un dos membros do xurado resultará o gañador do Gran Premio Jr. e do Gran Premio Supra.
- e.** En caso de empate entre varios traballos preseleccionados, un terceiro designado pola Organización estará a cargo de designar o gañador de entre os traballos preseleccionados á luz dos criterios de selección dos gañadores definidos no artigo 5.3 "Criterios de Selección."

**5.2.- Composición do xurado.** Os finalistas e gañadores serán elixidos por un xurado composto por un presidente e un máximo doutros 4 membros. A composición do xurado será determinada polo Organizador do Concurso.

O Organizador do Concurso resérvase o dereito de modificar a composición do xurado, informando sobre estes cambios na páxina web da iniciativa [www.somos-mas.es](http://www.somos-mas.es), co fin de permitir aos centros participantes retirarse do concurso en caso de incompatibilidade, de conformidade co artigo 2 das presentes bases.

**5.3.- Criterios de selección.** A cualificación polo xurado dos traballos preseleccionados ou o desempate dos traballos empatados efectuarase tendo en consideración os seguintes criterios:

- a. Pertinencia do vídeo en relación co tema do Concurso;
- b. Contido positivo destacando a xuventude;
- c. Calidade do contido; e
- d. Respecto ás limitacións: vídeo de entre 30 e 120 segundos gravado cun *smartphone*.

**5.4.- nuncio dos gañadores.** O anuncio público dos **traballos finalistas** terá lugar no mes de xuño nun evento público cuxa data anunciará o Organizador do Concurso na web do Concurso, ademais de comunicar ás persoas participantes e aos Centros aos que pertencen, os traballos finalistas do concurso a través de correo electrónico. Este anuncio será transmitido ademais, a través:

- a. Dun comunicado de prensa a cargo da Organización do Concurso.
- b. Do blog de Google España ao que se pode acceder a través do seguinte enderezo: <https://espana.googleblog.com/>

O anuncio dos traballos gañadores do Gran Premio Jr. e do Gran Premio Supra realizarase nunha cerimonia de entrega de premios liderada polo Organizador do Concurso, na data que estime conveniente e que será comunicada a través da web da iniciativa [www.somos-mas.es](http://www.somos-mas.es), e tamén ás persoas finalistas e aos Centros aos que pertencen. Os autores dos traballos finalistas serán acompañados por un máximo de dous educadores/as do Centro correspondente e comprométese a asistir á cerimonia de entrega de premios.

Google cubrirá os gastos de viaxe dun importe razoable para que os equipos finalistas poidan asistir á cerimonia de entrega de premios en Madrid, acompañados cada un dos equipos por un máximo de dous educadores/as. Os gastos de viaxe cubrirán: (1) o billete de autobús/tren/avión a elección do Organizador do Concurso (ida e volta en clase económica) entre a estación/aeroporto principal e o lugar do evento en Madrid (2) un cuarto para unha noite en hotel en Madrid, só no caso en que resulte imprescindible. O resto de gastos deberán ser pagados polas persoas participantes e polos educadores/as que os acompañan.

**5.5.-** As persoas participantes ou Centros deberán daquela confirmar a aceptación do premio por medio de correo electrónico á Organización do Concurso e dentro dun prazo máximo de catro (4) días contando o día en que se recibiu o correo electrónico da Organización informando dos resultados do Concurso.

**5.6.-** Ao aceptar o premio, o gañador ou gañadores comprométense a participar nos eventos (sesión de fotos, conferencia de prensa, exposicións etc.) que serán organizados polo Organizador do Concurso no marco do proxecto “Somos Máis, contra o odio e a radicalización” por un período dun ano a partir do anuncio oficial.

**5.7.-** En caso de que os gañadores non se manifesten e en caso de non efectuar os procesos descritos arriba mencionados no prazo indicado, o premio será considerado como rexeitado e volverase asignar nas condicións seguintes:

- |  |  |   |
|--|--|---|
| <p><b>a.</b> Se o Gran Premio Jr. é rexeitado polo equipo gañador inicial será daquela atribuído a outro equipo participante que será designado na orde decrecente de puntos atribuídos polo xurado;</p> | <p><b>b.</b> Se o Gran Premio Supra é rexeitado polo gañador inicial será daquela atribuído a outro equipo participante que será designado na orde decrecente dos puntos atribuídos polo xurado.</p> | <p><b>c.</b> E isto nun prazo máximo de seis (6) días seguintes á expiración do prazo de confirmación de catro (4) días concedidos aos equipos <u>gañadores iniciais.</u></p> |
|--|--|---|

**5.8.-** Os premios non son transferibles a terceiros, unicamente os gañadores poden beneficiarse. Os equipos participantes son os únicos responsables da distribución dos Premios se outras persoas poden beneficiarse.

**5.9.-** O Organizador do Concurso resérvase o dereito de non conceder o premio ao equipo gañador (ou equipos gañadores), se se comproba que infrinxiu as normas ou non respectou as Bases do concurso.

**5.10.- Confidencialidade.** Os membros dos equipos participantes, así como os Centros aos que corresponden, comprométense a non divulgar a información confidencial que lles comunique a Organización do Concurso e da que son destinatarios. Sobre todo información relacionada cos resultados do Concurso ata que non sexa comunicada publicamente pola organización.

## **6.- Datos Persoais**

**6.1.-** As persoas participantes recoñecen e aceptan que o Organizador do Concurso poida rexistrar, conservar, compartir coas súas filiais e sociedades afiliadas para as necesidades do presente Concurso ou doutro modo de utilizar os datos de carácter persoal proporcionados durante a inscrición ao Concurso e o rexistro pola Organización ou un terceiro designado para este propósito, sempre no marco do Concurso e a iniciativa na que este se enmarca.



**6.2.-** O Organizador do Concurso non compartirá as informacións persoais dos equipos participantes con empresas, organismos ou individuos externos ao Organizador do Concurso agás para as necesidades concretas deste Concurso.

**6.3.-** As informacións do participante poden igualmente ser transferidas a outros países distintos do país de residencia do participante incluíndo EE. UU.

**6.4.-** As persoas participantes teñen dereito a solicitar, verificar, rectificar ou eliminar todo dato de carácter persoal recollido polo Organizador do Concurso no marco do Concurso escribindo ao seguinte enderezo de correo electrónico no caso de FeSP-UGT ([somosmas@fespugt.eu](mailto:somosmas@fespugt.eu)) e a este ([somosmas@jovenesydesarrollo.org](mailto:somosmas@jovenesydesarrollo.org)) no caso de Jóvenes y Desarrollo.

**6.5.-** O educador ou o centro escolar a través do que participan os equipos no concurso debe certificar e garantir que obtivo a autorización de comunicar os datos de carácter persoal das persoas participantes do vídeo.

## **7.- Dereitos de propiedade intelectual**

**7.1.-** Dereitos á personalidade e á propiedade literaria e artística das persoas participantes.

**a.** A persoa participante autoriza ao Organizador do Concurso, conforme ás condicións definidas no artigo 3 das presentes Bases, o dereito de reproducir, presentar, comunicar ao público e modificar, en caso necesario, o conxunto de elementos dirixidos ao Organizador do Concurso no marco do Concurso, incluíndo os vídeos entregados pola persoa para a súa participación no Concurso, así como as imaxes, logos e elementos de linguaxe propios do centro escolar que representa e o dereito de utilizar a súa imaxe, nome, apelido ou pseudónimo nos lugares que se mencionan máis adiante.

**b.** O centro a través do cal participan os equipos, acepta explicitamente que estes elementos sexan reproducidos ou representados ou adaptados nos lugares seguintes:

**i.** A páxina web asignada e as webs dos Organizadores do Concurso.

**ii.** O comunicado de prensa do Organizador do Concurso realizado durante o evento do anuncio dos gañadores;

**iii.** O blog Google España accesible no seguinte enderezo: <https://espana.googleblog.com/>

**iv.** A conta de Twitter, Facebook, etc.

**v.** A páxina de Youtube do Organizador do Concurso.

**c.** Esta autorización é outorgada a título gratuito, no ámbito mundial, durante o prazo legal de protección dos dereitos de propiedade intelectual

a partir da data desde a que participase no Concurso, e particularmente, dos dereitos persoais vinculados á persoa participante mentres permanece a publicación en liña da páxina web.

**d.** As persoas participantes ou o Centro participante certifica a súa autoridade de consentir a presente cesión e garante ao Organizador do Concurso o uso pacífico dos elementos arriba mencionados especialmente contra toda exclusión de terceiros de calquera índole para a utilización destes elementos e de persoas e bens que figuran.

**e.** A persoa participante declara que as informacións mencionadas arriba son correctas e completas á hora da súa participación no Concurso dentro das condicións do artigo 3.2. das presentes Bases.



## **8.- Acceso ás condicións e Bases do Concurso**

Pódese consultar toda a información sobre o concurso na páxina da iniciativa [www.somos-mas.es](http://www.somos-mas.es)

## **9.- Bases do concurso**

**9.1.-** Lugar de depósito. As bases deste concurso serán depositadas en tempo e forma ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Madrid, Don Carlos Ruiz-Rivas Hernando con domicilio profesional no Paseo Pintor Rosales 52, 1.º D 28008 de Madrid.

**9.2.-** Bases e nulidade. No suposto de que un ou máis dos artigos das presentes Bases se convertan en nulos ou queden sen efecto por unha modificación lexislativa ou por unha decisión xudicial, non afectará a validez e a aplicación do resto dos artigos das presentes Bases.

## **10.- Responsabilidade**

**10.1.-** A participación no Concurso implica unha actitude honesta, o que significa o respecto absoluto polas normas dispostas e os dereitos das demais persoas participantes.

**10.2.-** Os equipos participantes comprométese a non poñer en práctica ou aplicar calquera procedemento de participación que non respecte estritamente as normas descritas nestas Bases.

**10.3.-** O Organizador do Concurso resérvase o dereito de eliminar, considerar nulo ou invalidar a participación de toda persoa que non respecte completamente as Bases do Concurso.

**10.4.-** Tamén se reserva o dereito a negar a participación de toda persoa que perturbe o bo transcurso do Concurso e de axuizar a calquera que faga trampa, cometa fraude, truque ou altere o transcurso do Concurso, ou que o intente.

**10.5.-** A fraude supón a descualificación inmediata do equipo. Un equipo gañador que fixese trampa ou que o intentase ou que se beneficiase de manipulacións deste tipo será expulsado do Concurso e quedará sen premio.

**10.6.-** O Organizador do Concurso resérvase a facultade, á súa única discreción, de realizar toda verificación que considere oportuna co fin de asegurar o respecto do presente artigo e do conxunto das presentes Bases, especialmente para eliminar do Concurso a toda persoa participante que cometese un abuso calquera ou fixese algún intento de fraude. O equipo participante, a través do Centro escolar ao que corresponde, acepta proporcionar todo elemento xustificativo que lle poida ser solicitado co fin de verificar o cumprimento apropiado das Bases.

**10.7.-** O Organizador do Concurso resérvase a facultade en calquera momento e sen ter que xustificarse, de interromper o Concurso, prorrogalo, acurtalo, modificalo ou anulalo sen que se lle poida esixir responsabilidade ningunha.



**10.8.-** O Organizador do Concurso non terá responsabilidade ningunha se os equipos participantes non chegan a poder presentar os seus traballos por razóns que non poden serlles imputables, en particular en caso de dificultades de conexión a internet ou en caso de presentarse nun formato ilexible ou imposible de xestionar ou procesar.

**10.9.-** Por outra banda, o Organizador do Concurso non será responsable dos danos imputables ás persoas participantes e aos seus acompañantes, en relación cos premios ofrecidos aos gañadores.

## **11.- Reclamacións**

Calquera cuestión relacionada coa execución das Bases ou a súa interpretación deberá ser dirixida por escrito ao Organizador do Concurso ao seguinte enderezo: ([somosmas@fespugt.eu](mailto:somosmas@fespugt.eu)), no caso de FesP-UGT e a este: ([somosmas@jovenesydesarrollo.org](mailto:somosmas@jovenesydesarrollo.org)) no caso de Jóvenes y Desarrollo.

## **12.- Lei Aplicable- Atribución de competencias**

As presentes Bases están suxeitas á lei española. Todo litixio derivado da ocasión do Concurso será suxeito polos tribunais correspondentes á xurisdición de Madrid.